

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

DATA: 06/06/2025

SAIDA: 11331/25

Sr. alcalde-presidente do Concello de Vigo
Praza do Rei, nº 1
36202 - VIGO (Pontevedra)

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 244/2024

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 11 de decembro de 2024, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de maio de 2025, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro da Valedora do Pobo o 11 de decembro de 2024, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada perante o Concello de Vigo con data do 23 de outubro de 2024, na que interesaba o acceso á información e documentación pública relacionada cos órganos de representación sindical constituídos con anterioridade e posterioridade ás eleccións sindicais celebradas nese concello o 9 de novembro de 2023.

O reclamante indicaba que se solicitou información sobre os órganos de representación existentes e constituídos no Concello de Vigo antes de ultimas eleccións sindicais de 9 de novembro de 2023, e tamén despois das mesmas, sobre os seus cargos, delegados sindicais, liberados sindicais, delegados de prevención, sindicatos de pertenza etc., tendo en conta que o Portal de transparencia do Concello de Vigo só reflicte como órgano de representación ao chamado Comité de persoal, que considera que é un órgano claramente ilícito.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 30 de decembro de 2024 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 20 de xaneiro de 2025 o Concello de Vigo remite informe e copia do expediente solicitado.

Neste informe, indica que con data do 19 de decembro de 2024, por Resolución da Concelleira de Área de Goberno concedeuse aos representantes de persoal e delegados/as sindicais identificados no expediente de solicitude de acceso á información, trámite de audiencia polo prazo de quince días hábiles conforme o disposto no artigo 15.1. da Lei 19/2013 e a data de emisión do informe aínda non tiña rematado o prazo de alegacións.

Cuarto.- Con data do 3 de marzo de 2025, o reclamante remite escrito no que comunica que recibiu con data do 19 de febreiro de 2025, resolución expresa da súa solicitude, e considera que a resposta é confusa, falta de claridade, incompleta e falsa.

Indica o reclamante que a solicitude contiña tres claros apartados e na resposta, respecto da representación sindical 2019/2023, se lle remite a unha ligazón que contén información sobre a Mesa do Comité de Persoal, que é o único órgano de representación entón existente, e onde só identifícanse nominalmente os seus 5 cargos, ademais do resto de todos os delegados de persoal electos de funcionarios e laborais, e os seus sindicatos de pertenza, sen que se identifique quen ocupa a presidencia, vicepresidencia, secretaría, vicesecretaria, nin se identifican os liberados, datas de inicio e termino das ditas funcións, e horas e días collidos por eles.

A información facilitada nos ANEXOS I e II realízase dun modo e cunhas abreviaturas que non permite en absoluto comprender nin coñecer o solicitado, e trátase de datos que deben ser de pleno coñecemento dos delegados de persoal e do delegado sindical de Casipol.

O anexo I fala da representación sindical 2023/2027, e remite a unha ligazón que unicamente contén información sobre a mesa do comité de persoal, onde identifícanse nominalmente os seus 5 cargos e o resto de todos os delegados de persoal electos de funcionarios e laborais, e os seus sindicatos de pertenza, pero non contén información sobre a xunta de persoal, o comité de empresa, e/ou os seus cargos que foron creados e aprobados formal e posteriormente ás eleccións de 9 de novembro de 2023, o que evidencia que os datos persoais e información remitida, tratada, e xestionada nese comité de persoal, non se axusta á legalidade.

A información non identifica como liberados a ningún dos cargos da mesa do comité de persoal, da mesa da xunta de persoal e/ou do comité de empresa, sindicato de pertenza e/ou horas e días collidos.

A información facilitada nas ligazóns e anexos I e II tampouco se corresponde co solicitado que foi a acreditación da identificación nominal, designación, e sindicato de pertenza de todos

os delegados de persoal, delegados sindicais, delegados de prevención, e restantes liberados existentes desde as anteriores eleccións sindicais de 2019 ata a actualidade, así como data de inicio e termo de tales funcións, e horas e días utilizados do crédito horario.

Indica que de acordo coa normativa que lle é de aplicación, a información debe xustificar e razoar a interpretación que se lle da á mesma, tendo en conta o número de funcionarios e laborais existentes no Concello, así como os resultados electorais sindicais, no que o número de delegados sindicais, crédito horario, liberacións, e o seu modo de asignación/designación/acumulación varía substancialmente dependendo dos órganos de representación realmente existentes e/ou considerados, e dependendo da interpretación e aplicación que se lle dea a esa normativa e ao acordo regulador e convenio colectivo de modo separado.

A resposta non identifica a todos os delegados de prevención que exerceron como tales, e nin os liberados coa necesaria distinción e explicación tendo en conta que a administración nada di, nin motiva sobre todo iso, e descoñécese tamén, entre outras cuestións, a que denomina delegados liberados electos por convenio, liberados con cargo representativo, e representantes sindicais e só identifica a algúns deles respecto a determinados sindicatos.

O reclamante indica que a Administración non achega o expediente completo (alegacións, informe de RRHH de 6 de febreiro de 2025, outros informes ou documentos do rexistro da 15ª TREBEP-, certificados do secretario do concello, certificados do presidente e secretario dos órganos de representación, etc), non ofrece trámite de audiencia algún a esa parte, non outorga o acceso e documentación e non ofrece motivación completa, comprensible, nin axustada á legalidade, e a mesma é ademais incongruente co solicitado e coa estimación parcial que di outorgar.

Considera que o Concello de Vigo debe ditar nova, completa, e clara resolución onde se acceda a outorgar de modo preciso toda a información e documentación solicitada no escrito de 23 de novembro de 2024, e emitindo os necesarios e oportunos certificados da secretaría correspondente sobre os datos do rexistro dos órganos de representación, certificados do presidente e secretario dos órganos colexiados, certificados, informes e/ou acordos correspondentes ex art. 4 e 50 do acordo regulador e convenio colectivo de 1998.

Quinto.- Con data do 10 de marzo de 2025, remitiuse o escrito presentado polo reclamante ao Concello de Vigo, para que emitira informe sobre o mesmo.

Sexto.- Con data do 24 de marzo de 2025 o Concello de Vigo remite informe, no que en síntese indica que a Resolución impugnada estimou de forma parcial a solicitude formulada polo recorrente e con tal fin concedéuselle acceso á identificación nominal dos representantes sindicais que existían nos mesmos, e sindicato de pertenza, mediante a indicación da súa

ligazón, á identificación nominal dos liberados sindicais con cargo representativo e á información anonimizada do crédito sindical das seccións sindicais UXT, CCOO, CSIF e CIG.

Tal e como se motivou na resolución procedeuse a facilitar a identidade dos representantes sindicais e sindicato de pertenza así como liberar sindicais con cargo representativo, dado que os propios interesados fixeron manifestamente público o dato relativo á súa afiliación sindical, e pola contra, a publicidade de afiliación sindical non concorre respecto dos liberados sindicais que non ostentan cargo representativo polo cal, non habendo consentimento non se facilita a súa identidade.

Respecto aos delegados de prevención, consta a súa identidade, tendo en conta que son designados polos representantes de persoal.

No informe da Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do 19 de febreiro de 2025, consta que por Resolución do 9 de decembro de 2024, concedeuse aos representantes de persoal e delegados/as sindicais identificados trámite de audiencia e tras a notificación constan escritos de oposición ao acceso de varios interesados, emitíuse informe do 6 de febreiro de 2025, no que se xustifica que en materia de acceso á información pública o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude. Respecto da protección de datos de carácter persoal, tratándose de delegados de persoal e delegados dunha xunta de persoal é evidente que os propios interesados fixeron manifestamente público o dato relativo á súa afiliación sindical, polo que o seu tratamento atopa amparo na letra e) do artigo 9.2 do RGPD -aínda cando non desen o seu consentimento explícito para iso.

Respecto do acceso á identidade dous liberados sindicais sen cargo representativo, é precisa a autorización expresa da persoa afectada, sen que conste no expediente ningunha autorización.

Respecto ao crédito horario facilita a información de forma anonimizada e dissociada das seccións sindicais UXT, CCOO, CSIF, CIG non período solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24

corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 13 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, á Valedora do Pobo, á que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 23.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 13 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 13 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos

responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que establece o artigo 20.1 da Lei 19/2013, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O reclamante solicitou acceso á información sobre a constitución dos órganos de representación do Concello de Vigo existentes na lexislatura anterior ás eleccións sindicais de 9/11/2023 (identificación nominal de cargos que existían nos mesmos, e sindicato de pertenza, identificación nominal e sindicato de pertenza dos liberados efectivamente designados entón por ese/eses órganos de representación e sobre a data de inicio e termo de

tales funcións de liberado e horas e días collidos por todos eles), sobre a constitución dos órganos de representación do Concello posteriormente ás eleccións sindicais de 9/11/2023 e sobre a acreditación da identificación nominal, designación, e sindicato de pertenza de todos os delegados de persoal, delegados sindicais, delegados de prevención, e restantes liberados existentes en base ao art.49 do Acordo regulador/Convenio, e desde as anteriores eleccións sindicais de 2019 ata a actualidade, así como data de inicio e termo de tales funcións, e horas e días collidos por todos eles.

O Concello resolveu a solicitude remitindo dous enlaces a unha páxina web na que figuran os cargos, nomes e organización sindical dos membros da Xunta de persoal, comité de persoal, mesa do comité e representantes sindicais por cada sindicato (persoal funcionario e persoal laboral) tras as eleccións do 2019 e 2023, sen que se especifique como se solicitou, as datas de inicio e termo de tales funcións, quen son liberados sindicais nomeados por estes órganos de acordo coa normativa de aplicación (delegados liberados electos por convenio, liberados con cargo representativo) e horas e días solicitados e concedidos con cargo ao crédito sindical en cada período.

Respecto da alegación do reclamante de que a Administración non achega o expediente completo (alegacións, informe de RRHH de 6 de febreiro de 2025, outros informes ou documentos do rexistro da 15ª TREBEP-, certificados do secretario do concello, certificados do presidente e secretario dos órganos de representación, etc), debe terse en conta que a solicitude tiña unha petición de información concreta sobre a información referente á representación sindical no Concello en dous períodos, sen que conste que se solicitase o expediente completo, polo que non procede, en vía de reclamación, a ampliación do obxecto da solicitude. Non procede tampouco que neste expediente de reclamación, se solicite a emisión de certificados, que ademais de ser unha petición que non figura na solicitude de acceso á información, no se poden considerar amparadas pola normativa de Transparencia, ao non tratarse de contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, senón un documento que debe ser elaborado *ad hoc* ante unha solicitude.

De acordo co anterior, procede a estimación parcial da reclamación presentada, debendo o Concello proporcionar información no referente as datas de inicio e termo das funcións dos órganos de representación, aos liberados sindicais nomeados por estes órganos de acordo coa normativa de aplicación (delegados liberados electos por convenio, liberados con cargo representativo) e ás horas e días solicitados e concedidos con cargo ao crédito sindical en cada período.

En base aos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados,

ACORDA

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 11 de decembro de 2024, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada perante o Concello de Vigo con data do 23 de outubro de 2024, na que interesaba o acceso á información e documentación pública relacionada cos órganos de representación sindical constituídos con anterioridade e posterioridade ás eleccións sindicais celebradas nese concello o 9 de novembro de 2023.

Segundo: Instar ao Concello de Vigo a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda ao interesado á petición de información solicitada de acordo co indicado no fundamento xurídico quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Vigo a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/19937, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por
MARÍA DOLORES
FERNANDEZ

Presidenta da Comisión da Transparencia.